

## **ERROS TEMAS 6 -105 DO BLOQUE 1**

### **RESPONDA ESTES TRES APARTADOS DOS SEGUINTE TEXTOS:**

1. Identifique as informacións erróneas.
2. Explique os erros detectados.
3. Proceda á súa redacción correcta

#### **Tema 6. Guerra de Sucesión**

O feito que desencadea a fin da Guerra de Sucesión é a proclamación como emperador de Prusia ao arquiduque Carlos (1711), facendo que o resto das potencias que o apoiaban perdan interese polo conflito, ante o temor, agora, dunha superioridade austríaca en Europa. Porén, a guerra continuou alén da sinatura dos tratados de paz.

No tratado de Utrecht (1713), a Monarquía Hispánica perde definitivamente a súa hexemonía. Filipe V foi recoñecido como rei da Monarquía Hispánica, mais renuncia ao seu dereito ao trono francés. Os territorios europeos da Monarquía Hispánica repártense entre diferentes potencias. Así, os Países Baixos, Milán, Nápoles, Sardeña, Sicilia ou o Piemonte pasas a formar parte doutros reinos. Xunto a estas perdas, Gran Bretaña consegue o permiso para comerciar con América e comercias con escravos. España conserva o Rosellón e as provincias meridionais de Flandres.

#### **Tema 7. Decretos de Nova Planta**

Filipe V levou a cabo unha fonda transformación das formas de goberno da monarquía española seguindo os principios do absolutismo, o centralismo e a racionalización administrativa do modelo francés. Os Decretos de Nova Planta son a mellor mostra, un conxunto de normas que produciron a supresión do réxime foral da Coroa de Aragón, das súas institucións e leis propias por un sistema establecido en Castela como reprimenda ao seu apoio a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión.

As principais medidas dos decretos foron a abolición das Cortes de Aragón, Valencia e León, a supresión do Consello de Aragón, a introdución de institucións casteláns como poden ser o intendentes, para garantir un maior control, a supresión dos Vicerreis, a reordenación da facenda cun novo sistema tributario, a supresión das alfándegas para Aragón e a imposición do castelán como lingua da administración.

#### **Tema: 8. O reformismo borbónico en Galicia**

A Galiza do s. XVIII aínda que periférica, é vital para o Reino en termos de comercio marítimo e na defensa tamén marítima fronte as potencias de Inglaterra e Holanda. Neste contexto, os Borbóns crearon a Matrícula do mar (1737), un sistema de recrutamento para dotar aos buques da Armada de tripulacións competentes e dun xeito máis xusto, mediante unha inscrición xeneralizada. Malia o seu dubidoso éxito, Galiza achegou un cuarto dos matriculados nas frotas da Armada.

O Arsenal de Ferrol creouse tras a división da costa en tres Departamentos Marítimos xunto con Cádiz e Cartaxena, establecéndose un arsenal xunto con estaleiros e almacéns de armas, que fomentaron a construción naval e o incremento de buques de guerra. Estas políticas terán continuidade no reinado de Fernando VI co desenvolvemento e modernización da armada a mans do conde duque de Olivares, ademais da transformación social e urbanística de Ferrol, pasando dunha vila de 247 veciños a máis de 25 000 habitantes en 1787. A dársena militar e o arsenal son os máis modernos de Europa e xurdirán os novos barrios obreiros da Madalena e de altos cargos de Esteiro.

#### **Tema 9. Ilustración**

O reinado de Carlos III supuxo un avance na aplicación das ideas ilustradas ao goberno: o denominado despotismo ilustrado. Entre as reformas podemos destacar as relacionadas coa economía. Reduciu os privilexios dos gremios impulsando as novas de produción industrial como as manufacturas reais. Liberaliza

o comercio con América e mesmo organiza expedicións botánicas. En termos relixiosos, o regalismo borbónico permitiu limitar o poder da Igrexa, reducindo o número de relixiosos e nomeando aos cargos eclesiásticos. Durante o seu reinado, expulsarán aos Xesuítas en 1767 tras ser acusados de instigar o Motín de Esquilache.

Carlos III é coñecido como o mellor alcalde de Madrid onde realizará importantes investimentos en infraestruturas. Entre as obras que realiza destaca a construción do Escorial.

As reformas tiveron boa acollida entre a nobreza e os eclesiásticos que observaron nelas unha oportunidade de mellora da situación española.

### **Tema 10. O papel da muller na Idade Moderna**

A situación da muller dependía tamén do estamento ao que pertencera, presentando enormes diferencias en cuestións básicas como a educación, o matrimonio ou o estilo de vida. Así, a muller de familia nobre, do estamento privilexiado, tiña un maior acceso á educación e a unha formación cultural que o resto. Na adolescencia, era ofrecida polo seu pai en matrimonios concertados ou ben ofrecida para “servir na tropa” coma era propio do seu estamento.

Pola contra, as mulleres de clases baixas ou do estamento non privilexiado, só tiñan acceso ao ensino primario, polo cal adoitaban ser analfabetas. A partir da adolescencia, o matrimonio era máis libre, pero tamén influído polo económico. Vivían sempre en condicións de vida e traballo moito máis duras, centradas en soste a familia e sen acceso a alimentos ou recursos básicos, nin a servizos ou asistencias sociais de ningún tipo, o que facía que enfermasen máis e morresen antes, cunha esperanza de vida máis curta.